

# TAREFAS RELIXIÓN

## 2º BACH

ALUMNO/A:.....

GRUPO:.....

CURSO:.....

[traballorelixion@gmail.com](mailto:traballorelixion@gmail.com)

## PROGRAMACIÓN DE 2º DE BAC (RELIXIÓN)

### 1ª AVALIACIÓN

#### Tema 1: *O descubrimento máis importante*

- Recoñecer a importancia e a universalidade do termo persoa.
- Coñecer e valorar o percorrido que realizou o ser humano ata a elaboración do termo persoa.
- Comprender a importancia decisiva que tivo a fe cristiá na definición deste concepto.
- Analizar o que o concepto de persoa significa e usar en todo o seu alcance o que se está afirmando cando se di que o ser humano é persoa.
- Relacionar o concepto de persoa co de dignidade e saber distinguir entre dignidade persoal e dignidade moral.

**PELÍCULA:** La duda  
Mystic River

#### Tema 2: *Ser persoa, para que?*

- Recoñecer a importancia e a universalidade do concepto de dignidade persoal que lle é inherente a todo ser humano.
- Asimilar, desenvolver e cultivar, xunto á dignidade persoal, a dignidade moral.
- Descubrir o sentido da dignidade do ser humano, partindo do seu creación, o valor da súa vida e a súa transcendencia.
- Analizar a relación da mensaxe bíblica sobre o ser humano coa cultura actual, valorando a súa aportación mutua.
- Respetar e valorar a coherencia persoal e as diferentes posturas e situacións nas que están en cuestión valores fundamentais en relación á vida.
- Conseguir progresivamente unha síntese coherente e vital da mensaxe cristiá que sirva ao alumnado para afrontar situacións nas que existe un grave perigo contra a vida e a dignidade do ser humano.

**PELÍCULA:** La vida de David Gale ou Pena de muerte  
Philadelphia

### 2ª AVALIACIÓN

#### Tema 3: *Un camiño por onde transitar: a DSI*

- Coñecer as respostas que proporciona a Doutrina Social da Igrexa (DSI) ante os problemas sociais, económicos e laborais que expón a sociedade.
- Descubrir a radical dimensión social da mensaxe cristiá.
- Valorar a voz da Igrexa católica no compromiso por defender con rigor e claridade a dignidade do home, os seus dereitos e a súa promoción.
- Distinguir a dimensión moral, ademais da legal e ética, da actuación humana.
- Familiarizarse coas encíclicas sociais do Maxisterio da Igrexa católica.
- Analizar a relación da fe coa cultura actual, valorando a súa aportación mutua.
- Recoñecer os contidos éticos da mensaxe cristiá e sabelos aplicar na construción da sociedade.
- Analizar os valores do cristianismo, contrastándoos cos valores dos humanismos do noso tempo.
- Conseguir progresivamente unha síntese coherente e vital da mensaxe cristiá que sirva ao alumnado para dialogar con outras confesións relixiosas e coa cultura contemporánea.

**PELÍCULA:** No sin mi hija

#### **Tema 4: *Humanizar a ciencia e a técnica***

- Incorporar o saber da fe no conxunto dos demais saberes, dado o carácter científico da ensinanza da relixión.
- Sintetizar os contidos fundamentais da mensaxe cristiá desde as fontes bíblicas e doutrinais da Igrexa.
- Descubrir o sentido da dignidade do ser humano, partindo da súa creación, o valor da súa vida e a súa transcendencia.
- Analizar a relación da fe coa cultura actual, valorando a súa aportación mutua.
- Descubrir a complementariedade de saberes e da linguaxe científica e relixiosa para asomarse e tratar de abordar a complexidade do real.
- Reflexionar sobre unha concepción para o home da ciencia e a técnica.

**PELÍCULA:**    **Gran Torino**  
                  **En tierra de hombres**

### **3ª AVALIACIÓN**

#### **Tema 5: *Eu teño dereitos***

- Sintetizar os contidos fundamentais da mensaxe cristiá desde as fontes bíblicas e doutrinais da Igrexa.
- Recoñecer os contidos éticos da mensaxe cristiá e sabelos aplicar na construción da sociedade.
- Analizar os valores do cristianismo, contrastándoos cos valores dos humanismos do noso tempo.
- Conseguir progresivamente unha síntese coherente e vital da mensaxe cristiá que sirva ao alumnado para dialogar con outras confesións relixiosas e a cultura contemporánea.
- Entender a posición firme da Igrexa respecto da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.
- Comprender a mutua relación que existe entre dereitos e deberes na vida de todo ser humano.

**PELÍCULA:**    **El pianista**

#### **Tema 6: *A fe está de moda***

- Recoñecer a importancia e a universalidade do fenómeno relixioso nas diferentes culturas e, en particular, no cristianismo.
- Asimilar, desenvolver e cultivar a dimensión relixiosa do home como ser aberto á transcendencia.
- Sintetizar os contidos fundamentais da mensaxe cristiá desde as fontes bíblicas e doutrinais da Igrexa.
- Coñecer os trazos esenciais da arte inspirado pola fe cristiá.
- Espertar o sentido crítico, o gusto e a contemplación das obras de arte baseadas na fe.
- Comprender o papel desempeñado pola relixión cristiá como xeradora de cultura e arte.

**PELÍCULA:**    **Más allá de la vida**

## TRABALLO 2º DE BAC

### CINE: RELIXIÓN E VALORES

- 1º.- Visionado previo da película por os membros do grupo.
- 2º.- Realización dun power-point de presentación e análise da película.
- 3º.- Presentación do power-point aos compañeir@s.
- 3º.- Visionado na aula da película.

#### Contido do power-point e puntuación (\*):

- Nomes dos membros do grupo (0'25)
- Título da película (0'25)
- Ficha técnica (de internet) (0'5)
- Sinópsese (resumo) da película (non vale sacala de internet) (1)
- Elenco de protagonistas (principais e secundarios) (1)
- Que problemas se plantexan no filme?
  - o Temas principais (1)
  - o Temas secundarios (1)
- Que actitudes éticas (valores e contravalores) atopamos nos principais personaxes da película? (2)
- Escenas e frases nas que aparece directamente reflexado o feito relixioso (ben sexa da relixión cristiá ou doutras) (2)
- Reflexión persoal:
  - o Que foi o máis impactante da película e por que? (0'5)
  - o Como se relaciona a película coa realidade actual, poñendo exemplos. (0'5)

PELÍCULA	
MEMBROS DO GRUPO	

(\*). Na realización do power-point tamén se valorará a súa estética (imaxes dos protagonistas e da carteleira, tráiler do filme, valoración de páxinas que versan sobre o cine,...).

TÁBOA DE VALORACIÓN DO POWER-POINT

2º DE BAC: CINE: RELIXIÓN E VALORES

PELÍCULA	ALUMN@S	NOMES DO GRUPO 0'25	TÍTULO DA PELÍCULA 0'25	FICHA TÉCNICA 0'5	SINOPSE 1	PROTAGONISTAS 1	PROBLEMAS QUE PLANTEXA		ACTITUDES ÉTICAS 2	FEITO RELIXIOSO 2	REFLEXIÓN PERSOAL		NOTA
							PRINCIPAIS 1	SECUNDARIOS 1			IMPACTO 0'5	REALIDADE ACTUAL 0'5	
LA DUDA													
PENA DE MUERTE / LA VIDA DE DAVID GALE PHILADELPHIA													
NO SIN MI HIJA													
GRAN TORINO													
EN TIERRA DE HOMBRES													
HOTEL RWANDA													
EL PIANISTA													
MÁS ALLÁ DE LA VIDA													
EN BUSCA DE LA FELICIDAD													

